

AA/jda

**INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E
ENSINANZAS ESPECIAIS SOBRE A APLICACIÓN DO DECRETO 156/2002, DO 18
DE ABRIL, EN RELACIÓN ÁS ENSINANZAS SUPERIORES DE ARTE
DRAMÁTICA E DE DESEÑO**

O artigo 3 da Lei 8/1987, do 25 de novembro (DOG do 20 de xaneiro de 1988), establece que constitúe o feito imponible das taxas académicas a prestación polos centros públicos dos servizos que figuran no artigo 6 desta lei, correspondentes ás escolas de idiomas e conservatorios de música, así como a outras modalidades e centros de estudo que no futuro poidan existir en Galicia, tales como escolas de arte dramática, danza, canto, cerámica e restauración.

A tal fin, o Decreto 156/2002, do 18 de abril (DOG do 3 de maio de 2002), establece os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

No ano académico 2005-2006, implántanse na Comunidade Autónoma de Galicia as ensinanzas superiores de arte dramática e as superiores de deseño, sen que o citado Decreto 156/2002 regule explicitamente os prezos públicos correspondentes a estas, por non estar implantadas no momento da súa publicación.

Implantadas estas ensinanzas, cómpre considerar, dentro do ámbito común do réxime especial, a concordancia nos estudos superiores de música e de danza (agrupados no artigo 2 do mencionado decreto) cos estudos superiores de arte dramática, por canto participan da mesma estrutura no que atinxe ao ciclo superior de réxime especial, conducente a titulación equivalente a tódolos efectos ao título de Licenciado universitario, e que son impartidos, de xeito interdisciplinar, polo corpo de profesores de música e artes escénicas.


Nesta liña, convén sinalar que as ensinanzas superiores de deseño forman parte, xunto coas de conservación e restauración de bens culturais, da modalidade de ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño.

En consecuencia, procede explicitar que as contías reguladas no precitado Decreto 156/2002 serán de aplicación, no curso 2005-2006, nas ensinanzas superiores de arte dramática e nas superiores de deseño, por analoxía con outras ensinanzas superiores recollidas nesta norma. A tal fin, esta Dirección Xeral dicta as seguintes instrucións:

- 1 Na Escola Superior de Arte Dramática, dependente da Consellería de Educación e O.U., os prezos públicos das ensinanzas regradas previstas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, serán os establecidos no artigo 2 do Decreto 156/2002, do 18 de abril (DOG do 3 de maio de 2002), no apartado correspondente ao grao superior.
- 2 Nas ensinanzas superiores de deseño, que se impartan nas escolas de artes e superiores de deseño, dependentes da Consellería de Educación e O.U., os prezos públicos das ensinanzas regradas previstas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, serán os establecidos no artigo 4 do Decreto 156/2002, do 18 de abril (DOG do 3 de maio de 2002).

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2005

A Directora Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais


Asdo/ María Luisa Castro Casas

ILMOS. SRES. DELEGADOS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
SRES. DIRECTORES DAS ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO
SR. DIRECTOR DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA